

## **COMUNICADO DE FACULTATIVOS DE ATENCIÓN PRIMARIA E PACS DA PROVINCIA DE OURENSE EN APOIO E SOLIDARIEDADE COS COMPAÑEIROS XEFES DE SERVIZO DA ÁREA DE VIGO**

Os profesionais facultativos de Atención Primaria e Puntos de Atención Continuada (PAC) da Área Sanitaria de Ourense abaixo firmantes, queremos mostrar a nosa solidariedade e apoio aos xefes de servizo de Atención primaria da Área de Vigo, que presentaron a súa dimisión facendo visible a súa decepción e fartura da situación de precariedade e abandono que ven sufrindo a atención do primeiro nivel nos últimos anos.

Os problemas expostos polos compañeiros de Vigo non adoitan ser diferentes aos do resto das áreas: falta de cobertura asistencial, ausencia de previsión ante a necesidade de persoal médico, aumento da carga asistencial e burocrática en detrimento da calidade asistencial, listas de espera en determinadas especialidades e probas, falta de contratos estables para os novos profesionais na sanidade pública.....e en definitiva falta de investimento, orzamento e proxecto na Atención primaria.

Chegados a estes límites insostibles consideramos que é necesario que se tomen en serio as denuncias feitas, non se dilaten as decisións que corresponden á Consellería de Sanidade con novos e redundantes grupos de traballo e se implementen con urxencia as medidas que xa foron ben definidas polos Colexios de médicos, SSCC e sindicatos en materia de contratación estable, axendas máximas, resolución de ausencias con criterios de continuidade asistencial, e condicións e retribucións similares ás establecidas noutras CCAA ou nalgunhas especialidades hospitalarias, así como aumento na equidade en canto á capacidade resolutiva de AP.